

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Os grupos políticos que conforman a Corporación Provincial da Coruña -PSdG-PSOE, BNG e PP e o persoal ao servizo da Administración provincial-, manifestan a súa enérxica condena e rexeitamento diante do máis grave e tráxico atentado terrorista perpetrado na historia da democracia española.

A Corporación Provincial da Coruña, ademais de subliñar o seu abraio pola execrábel acción terrorista que causou até o momento 198 mortos e máis de 1400 feridos, quere expresar as súas mostras de condolencia e solidariedade cos familiares das vítimas e coas persoas feridas no atentado, aos que lles desexamos unha pronta e satisfactoria recuperación.

Os terroristas que onte provocaron unha traxedia en Madrid só perseguen sementar a dor, romper a convivencia pacífica dos cidadáns, e debilitar os sólidos piares dun Estado de Dereito, froito do traballo, o esforzo e o consenso de todos os españois durante os últimos vinte e cinco anos.

Os deputados e deputadas provinciais, en representación do conxunto dos cidadáns da provincia, reafirman o seu convencemento no feito de que a unidade, a firmeza e a serenidade ante sucesos tan graves constitúen a única forma de combater o terror dos que queren impoñer as súas ideas fraticidas coas bombas e coas armas.

Os criminais non teñen cabida nunha sociedade democrática. Débense aillar, perseguir e condenar, pois non pode haber diálogo cos que fan do asasinato o seu único discurso.

Expresamos o noso apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na súa loita antiterrorista, e queremos agradecer o traballo xeneroso e solidario de todos os que durante a xornada de onte colaboraron na atención ás vítimas dos atentados de Madrid. Hoxe todos nos sentimos madrileños.

Todos debemos estar hoxe máis unidos ca nunca contra a barbarie terrorista e en pro dos valores esenciais da democracia e a defensa dunha convivencia pacífica. Por iso quérese facer un chamamento á cidadanía coruñesa para que participen masivamente nas manifestacións e concentracións que para hoxe se convocaron nos distintos municipios da provincia.

A nosa condena do terrorismo, a nosa máis decidida defensa dun Estado Democrático, o rechazo e o aillamento social dos terroristas tense que visualizar nestes actos de protesta cidadá.

A Deputación da Coruña, por acordo unánime de todos os seus grupos políticos e expresando tamén o sentir de todas as persoas que traballan nesta Institución, convida aos cidadáns para que participen nas manifestacións que esta tarde, ás 19 horas, e convocadas por todos os grupos políticos se levarán a cabo co lema único de **"COAS VÍTIMAS, COA CONSTITUCIÓN E POLA DERROTA DO TERRORISMO"**.

Apelamos finalmente á responsabilidade do conxunto da cidadanía para que o domingo coa súa participación nas urnas exprese o seu firme e absoluto rexeitamento ao terrorismo, e a defensa da liberdade e da democracia.